

RICARDO GARCIA SUAREZ

Enfermedades de Pulmón y Corazón

JOSE ANTONIO, 28 - 2.º IZQ.

VIGO

Vigo, 8 marzo 69

Querido amigo:

Escriboche somentes pra te remesar istas solicitudes, non vou engadir ren ó que nelas podes ler. Van destinadas a tí, e mais a Isaac. Nelas estou comprometido por amizade, irmandade, con Anton Beiras polo intres en non deixar esmorecer unha obra de toda unha vida, a mais do posible tuturo beneficio pra, digámolo inda que soe algo solemne, a humanidade.

A miña aportación persoal, uns pequenos cadros, val ben pouco; e fora de botar unha man, tal como se me pediu á tarefa, non apporto cousa mais que a de escribiros a vos, Isaac e mais tí, ista carta pra que teñades conecemento da cousa, xa que non pode ser unha recomendación pra algo cuia

importancia non deixaredes de perceber ca xenerosidade de sempre ,o voso
amor a Galicia e a fidel memoria da amizade.

Unha forte aperta.

Ricardo

Lembranzas de Mimi. E mañas e mais dela pra Maruxa.

Estou agora sen auto, agradando que me den un novo. Emporiso o choio da nosa
visita non sei se poderá facerse a tempo, denantes de que tí marches.